


## EXERCICIOS DE REPASO PARA A PROBA ESCRITA DO TEMA 4

1. Relaciona os conceptos de ambas columnas:

- Timina
- Ribosa
- Uracilo
- Desoxirribosa
- Adenina

- Base nitrogenada
- Pentosa exclusiva do ARN
- Exclusiva do ADN
- Exclusiva do ARN
- Azucre exclusivo do ADN
- Glícido de 5 átomos de carbono

2. Observa a imaxe e contesta:




a) Que tipo de molécula é? Xustifica a resposta.

b) Indica a que corresponde cada número.


c) Como se unen as bases nitrogenadas de ambas cadeas?

d) Como son as dúas cadeas entre si?

3. Na imaxe están indicados con números as moléculas, os orgánulos e os procesos que se producen durante a expresión da información xenética. Indica a que corresponde cada un. Indica onde teñen lugar na célula os procesos indicados co número 3 e 5.



4. Explica a importancia da seguinte imaxe.



5. Cal é a función do ADN? E a do ARN?

6. En relación ás mutacións, responde:

a) Que é unha mutación?

b) Todas as mutacións son herdables á descendencia?

c) Algunhas mutacións son neutrais, é dicir, non alteran a síntese das proteínas codificadas polo xene mutado. Como pode explicarse isto?